

Moenia 16 (2010), 125-131.
ISSN: 1137-2346.

Valente dende as cartas de alén

Claudio RODRÍGUEZ FER
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

RESUMO: Testemuño persoal da relación literaria con José Ángel Valente e da correspondencia enviada por este a Galicia durante os anos oitenta e noventa, períodos nos que o poeta ourensán morou en Xenebra, París e Almería.

PALABRAS CLAVE: José Ángel Valente, Galicia, Poesía, Crítica literaria, Correspondencia epistolar.

ABSTRACT: Personal testimony of the literary relationship with José Angel Valente and the mail he sent to Galicia during the eighties and nineties—periods in which the poet born in Ourense lived in Geneva, Paris and Almería.

KEYWORDS: José Ángel Valente, Galicia, Poetry, Literary Criticism, Epistolary Mail.

O meu interese pola obra de José Ángel Valente comezou nos anos setenta, cando, a partir da adolescencia, descubrín os seus poemas, as súas narracións e os seus ensaios. Co tempo, aquel interese acrecentouse a través da constante lectura e relectura de todas as súas publicacións, ao meu ver sempre de extraordinaria calidade estética, de extrema lucidez intelectual e de moi necesaria perspectiva interdisciplinar e internacional no asfixiante panorama español do franquismo. Aquela precoz admiración suscitou a curiosidade intelectual que puideron finalmente satisfacer cos traballos e as entrevistas que fun realizando ao longo do tempo.

Cando, en 1981, Valente editou o seu primeiro libro en lingua galega, *Sete cántigas de alén*, publiquei sobre el un estudo na revista galaica *Grial*, traballo que lle enviei a Xenebra e que deu orixe á nosa inicial correspondencia epistolar, como pode comprobarse na primeira carta que me enviou, escrita en galego, como todas as que nos cruzamos, o 3 de febreiro de 1982. Estas foron as primeiras palabras que me dirixiu:

Meu querido amigo:

Quero agradecerlle o seu envío e as liñas que o acompañan. A súa lectura das *Sete cántigas* ten fondura, rigorosidade e coñecemento. Ben poidera servir de modelo nas latitudes nosas para unha crítica (a feita ou mal feita en castelán dende logo) aínda non eisistente.

Recibido: 11-1-2010. Aceptado: 15-7-2010.

Polo contido da súa seguinte carta, do 7 de marzo de 1982, sei que logo lle remitín, tamén a Xenebra, o meu primeiro libro de crítica literaria, *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole*, xunto ao meu poemario entón máis recente, *Tigres de ternura*, deseñado e ilustrado pola miña compañeira Carmen Blanco, xa que Valente alude a todo isto enviándome ademais un manuscrito inédito co motivo que explica no primeiro parágrafo da súa nova carta:

Meu caro amigo:

Alégrame decirlle que vostede, tan novo, xa ten traballado moito e ben. Todo o que me mandou interesoume moito. Entre outras cousas, puiden asíñ coñecer millor ó Ánxel Fole; pouco era o que dele tiña leído. Pero gustei moi en especial dos seus *Tigres de ternura* (contido e material feita). Agora vexo que lle diron o Premio da Crítica, coído que con gran merecemento. Mándolle un poema meu inédito, en castelán, por unha curiosa converxencia temática. Curiosa, si, como vai ver.

O poema do que me anuncia tal converxencia con *Tigres de ternura* era o titulado «Graal», que así puiden coñecer inédito e que se había de publicar no seu libro erótico *Mandorla*, por certo cunha variante errónea na primeira edición afortunadamente corrixida en compilacións posteriores.

A súa seguinte carta, do 18 de outubro de 1982, acusa recibo no seu comezo dun novo envío meu coa recensión que publicara sobre *Sete cántigas de alén* na revista portuguesa *Colóquio / Letras*:

Caro amigo Claudio:

Gracias pola súa carta e pola nova edición dos *Tigres*. Gracias tamén pola fotocopia de *Colóquio / Letras*. Vexo isa revista de cando en cando. Téñoa por moi boa.

Comezou así un permanente contacto epistolar, logo telefónico e persoal, cada vez máis amigable, que duraría ata a súa morte o 18 de xullo do ano 2000. En efecto, a comunicación telefónica axiña fixo máis franca e cálida a nosa relación intelectual, que desembocou nunha moi sincera e cómplice amizade dende o noso primeiro encontro en persoa. Naturalmente, eu aproveitei aquela proximidade que se me brindaba para facerlle infinidade de preguntas sobre a súa obra, ao fío da que tratamos dos máis variados temas biográficos e literarios, artísticos e estéticos, políticos e filosóficos, pois, cando se sentía cómodo, Valente era un incansable conversador.

De feito, durante os anos noventa, as súas chamadas telefónicas á nosa casa a miúdo duraban horas, incluso cando era a miña filla Mariña quen collía o teléfono, e as nosas conversacións, que con frecuencia compartimos coa súa esposa Coral e coa citada Carmen Blanco, adoitaban incluír unha gran cantidade de interminables gargalladas. Dende o humor inglés á retranca galega, pasando polas comichidades da vida e da cultura vistas dende a perspectiva máis irónica e corrosiva, non houbo tema a propósito do cal non rísemos, incluíndo, por suposto, o de nós mesmos e aínda o da morte, porque, para desgusto ás veces dalgunhas das sensibilidades presentes, Valente non renunciou comigo ao humor negro nin sequera nos últimos tempos da súa existencia, como proba a seguinte anécdota.

«Un poema no existe si no se oye, antes que su palabra, su silencio», sentenciou nos seus tan autopoéticos «Cinco fragmentos para Antoni Tàpies». Pois ben, nunha ocasión en que me telefonou e que, pola súa entón habitual fatiga, tardou en comezar a falar, eu adiviñei que era el quen chamaba e dixen: «Ola, José Ángel». El preguntoume, asombrado, como puidera saber de quen se trataba. Entón respondín a verdade: «Porque oín, antes que a túa palabra, o teu silencio». Valente riu sorprendido e engadiu: «Pois axiña non vas oír máis que o meu silencio. Xa lle vin as orellas ao lobo. E por riba miña nai acaba de morrer en Chile deixándome a min, como fillo primoxénito, en primeira liña da familia ante a morte».

A nosa relación intelectual acrecentárase dende o momento en que me encargou, nos anos oitenta, a introdución das sucesivas edicións bilingües galego-castelán da súa poesía galega completa, que se publicaron en Barcelona co título de *Cántigas de alén*. A primeira, que resultou *nonnata*, pois non puido ser distribuída pola editorial, foi realizada en 1987 por Llibres del Mall e a segunda, que ampliaba a introdución e o corpus da anterior, en 1989 por Ambit Serveix Editorials, onde tamén se editou unha versión bilingüe galego-catalán. Xa nos anos noventa, Valente pedíume que preparase unha antoloxía da súa poesía en castelán, proxecto que non cheguei a asumir, e de novo a introdución das edicións bilingües galego-francés e galego-castelán de *Cántigas de alén*, que publicaron, respectivamente, Éditions Unes en 1995 e o Consorcio de Santiago en 1996, esta última cunha variante de artista que incluía augafortes orixinais de Eduardo Chillida. Por todo iso, a súa poesía en galego foi tema moi reiterado na nosa correspondencia.

Pola miña propia iniciativa, nos anos noventa escribín a miúdo sobre Valente en revistas e xornais, preparei o volume recopilatorio de estudos sobre a súa obra titulado José Ángel Valente, publicado por Taurus en 1992, e organiciei no seo da Universidade de Santiago de Compostela o Encontro Internacional sobre José Ángel Valente, de 1993, que deu orixe ao libro *Material Valente*, publicado por Júcar en 1994. Neste mesmo ano dirixín o monográfico «Valente: cuestión cero», na revista *Ínsula* e, máis tarde, coordinei outros monográficos sobre a súa obra nos anuarios *Unión libre*, *Moenia* e *Hablar / Falar de Poesía*.

Simultaneamente, e máis ben por mediación do propio poeta, colaborei nos libros colectivos que sobre a súa obra se publicaron en Cátedra, Alianza e Pretextos, así como en numerosas revistas e xornais. Ademais, no mesmo período pedíume, en diversas ocasións, que traducise ao galego textos casteláns seus que lle demandaban para publicacións bilingües. E tamén que o presentase en actos de homenaxe realizados en distintas cidades de Galicia, como Santiago de Compostela, Vigo ou Ourense, ou que disertase sobre a súa obra en Almería, propiciando así encontros inesquecibles en lugares moi emblemáticos da súa vida e da súa creación.

Valente solicitábanos a miúdo envíos de datos e de obras de Galicia, así como os libros publicados por Carmen Blanco ou por min nos anos noventa, pois non llos remitamos por iniciativa propia para non contribuír a ocupar máis o seu tempo, escaso dende que comezou a ver quebrantada a súa saúde. Pero todo o galego parecía inte-

resarlle, dende as peregrinacións xacobeas á historia dos Fonseca, pasando dende logo pola poesía de Luís Pimentel, que redescubriu con gusto ata o extremo de escribir logo sobre ela a prosa «Paxaro de prata morta». Unha mostra deste interese pode verse nos primeiros parágrafos dunha carta datada en Almería o 19 de decembro de 1988, informando da recepción dalgunhas publicacións miñas:

Querido Claudio:

Recibo agora, ao voltar de París, o teu envío. Gracias grandes pola tua carta, polas noticias que nela me das e polos teus libros que con ela me chegan.

Lein con verdadeira ledicia os *Meta-relatos* e sentínme moi na casa miña cando me atopei na súa interioridade. Tamén me gustou moito a lingua fresca, desacralizante e nova de *Cebra* e a máis aberta ou alosegada do teu lúcido amor lucense.

Voltei, gracias ao teu folleto, a Pimentel, poeta que amo tempo fai e do que me sinto achegado. «Máis alá da nébra, máis alá do mar...»: o lonxe, o espazo de alén.

Non obstante, Rosalía de Castro foi o obxecto do seu interese máis constante, sobre o que con frecuencia preguntaba a Carmen Blanco e sobre o que nos pedía de cando en vez traballos diversos que quería coñecer ou que, en máis dunha ocasión, non atopaba, como o artigo do hispanista Claude-Henri Poullain no *Boletín Galego de Literatura* ao que alude dende Almería en carta do 4 de xaneiro de 1992, da que reproduzo o comezo:

Bencaro Claudio:

Agradecín moitísimo a tua carta, que non sei ben cando chegou (porque non leva data e tamén porque teño eu andado dunha banda para outra todo iste derradeiro tempo).

Non atopo agora o *Boletín*. ¿Poderías facerme chegar unha fotocopia do estudo do Poullain?

Outra importante vivencia común foi o seu nomeamento como Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela, en cuxa cerimonia de investidura, que tivo lugar o 15 de decembro de 1999, correspondeume o honor —e o ceremonial trago— de actuar como padriño e de pronunciar a *Laudatio* correspondente. Por certo, malia á solemnidade do ritual en latín, das togas e dos barretes da indumentaria académica e da presenza das máximas autoridades autonómicas, municipais, relixiosas e universitarias, Valente non perdeu o humor cómplice que sempre compartimos, pois cando tiven que alzar a muceta azul celeste de Humanidades para introducirla pola cabeza, bisboume en galego co seu tenro sorrisiño irónico: «Non me afogues».

A doazón do seu arquivo e biblioteca persoal á Universidade de Santiago de Compostela e a conseguinte creación nela da Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética resultaron ser igualmente longo motivo de conversa e de reflexión sobre proxectos e actividades de cara ao futuro. Dende o principio, como responsable da Cátedra tratei, sendo secretario, e trato, sendo director, de respectar escrupulosamente os desexos do poeta, polo demais absolutamente coincidentes cos meus a este respecto.

Durante este percorrido xurdiron tamén outros proxectos comúns, como o de compilar todas as súas traducións literarias, labor que finalmente tería que ultimar eu

co libro póstumo *Caderno de versións*, dende logo imposible de acometer sen as súas previas orientacións, que publicou Círculo de Lectores / Galaxia Gutenberg en 2002.

Agora ben, un dos proxectos máis ambiciosos que ideamos foi o de realizar unha longa entrevista vital e intelectual na que, sistematicamente, se recollese canto me fora contando ao longo da nosa moi faladora relación. Sorprendentemente para min, Valente tomou moi en serio este proxecto, sobre o que eu era máis ben escéptico pola escaseza de tempo de ambos os dous para facelo, e insistiu en que me instalase longamente na súa casa de Almería co fin de levalo a cabo. Incluso, dada a imposibilidade de que puidese eu aceptar a súa proposta naquel momento da miña vida, suxeríume que lle enviase un cuestionario que el iría contestando en gravacións magneto-fónicas durante os ratos libres, proxecto este que, como era doado de prever, non fixo efectivo.

Finalmente, durante unha viaxe conxunta dende Santiago de Compostela a Ourense en 1998, ante a presenza da súa editora Lola Ferreira, á que el chamaba «madríña», e da miña compañeira Carmen Blanco, con quen se entendía tan ben coma comigo e que ía conducindo o noso automóbil, comezamos de xeito sistemático a gravación da entrevista, que se complementaríase con outros encontros en Galicia e na súa casa de Almería durante os dous anos seguintes.

A lingua en que habitualmente falamos foi a galega, coa excepción das veces en que se utilizou o castelán por estar presente algunha persoa non galego-falante, como é o caso de Coral. Igualmente, tras as primeiras cartas, de 1982, sempre nos atuamos, así que o feito de que en determinada publicación periódica aparecese algunha entrevista miña con tratamento de vostede foi debido, por suposto, á súa adaptación ás normas de estilo do medio en cuestión, convencional artificio non exento de causar inevitable estupor nos que non exercemos habitualmente a simulación xornalística.

Naturalmente, Valente deume enteira liberdade para a publicación de todo o material, aínda que en certos casos suxeriu, tras pregunta miña, que non fixese público algún detalle íntimo problemático mentres vivise a persoa implicada, o que desde logo tiveron moi en conta e estendín ao conxunto do texto, pois, dende logo, nunca estivo no meu ánimo ocasionar desagrado persoal ningún a ningún, e por suposto, lamentaría moito que así acontecese.

Publiquei o groso da temática biográfica, en galego e en vida de Valente, en dúas entregas de *Moenia. Revista Lucense de Lingüística & Literatura*, da Universidade de Santiago de Compostela, baixo o título conxunto de «Entrevista vital a José Ángel Valente», así como cedín algún que outro fragmento a petición de diversos medios, como os que apareceron, en galego, na revista *Tempos Novos* e no diario *La Voz de Galicia*, e, traducidos ao castelán, en *Ficciones*, *ABC* e *El Mundo*. Non obstante, unha gran parte do material permanece inédito á espera da obtención de tempo para a súa ordenación e posta en limpo.

Galicia foi sen dúbida o alén que nos uniu, toda vez que, ao final da súa vida, os recordos e as atraccións da súa terra natal afloraban dun xeito frecuente, incluíndo por suposto o viño albariño e os tenros grelos. De feito, nos seus últimos tempos, Valente ideou un sistema de envío por correo urxente de nabizas de Lugo para facer caldo galego, pero o transporte resultaba desproporcionadamente máis custoso que o humilde produto, que de tan barato ás veces nos regalaban. Cando recibía as nabizas ou cando nós llas levabamos, el mesmo facía o caldo, aromatizando á galega toda a súa casa e aínda toda a rúa que levaba o seu nome en Almería. Non en van, na última carta que me enviou, xa o 17 de febreiro do 2000 e polo tanto poucos meses antes da súa morte, une concisamente o seu humorístico autoescarnio, aludindo ao envío que me facía dunha foto conxunta, co eloxio das tan desexadas nabizas: «¡Qué cara de tolo teño! Da medo. (As nabizas moi boas)».

E quizais haxa que entender tamén neste contexto galaico o último que nos dixo a Carmen Blanco e máis a min, ao despedirnos na súa casa de Almería a derradeira vez que nos vimos, e que xamais esqueceremos: «Xa teño nostalxia de vós». Esta expresión orixinou o título e o contido do poema «Nostalxia de nós», co que quero rematar:

NOSTALXIA DE NÓS

Hai lique na penouta,
fervenza nas burgas,
outra beira en fisterra,
o regreso da viaxe
de quen nunca partiu,

o poeta chega
ao derradeiro petouto
da dor diante da morte
—Así se aprende

non é un camiño de rosas
celestes do deserto
ou de pedra primordial,
máis ben un bosque
entre picoutos

un cervo vulnerado,
unha luz remota,
o mar que se dissolve
en sombras informes
como ninguén na nada,
só queda a altura
fósil no montouto

entra como un lobo
acariciado polos fentos,
crepitan os troncos
e murmuran as follas

das árbores escuras,
chove na marouta
e o fondo abisal
dos limos do légame
humedece a lama
na que afunde sen fin

aínda que xa é nunca
a néboa non o néboa,
lembra as arcas milenarias
dos misterios da morte
na súa ritual terra nativa,
toca a palabra perdida
das orixes do mundo,
soamente restos de cinza
no fulgor da mandorla,
entra para sempre
na outra beira do alén,
e xa só ve o que non se ve.

Agora somos nós os que temos
nostalxia de nós.